



Cinco consellos para evitar as graves consecuencias dun ensilado de mala calidade

Co obxectivo de controlar a calidade do ensilado, o que pode evitar o crecemento de fungos, o sobrequecemento e o ensilado estragado, neste artigo ofrecemos cinco claves principais que axudarán a protexer tanto as súas vacas coma a súa rendibilidade.

Equipo técnico de Lallemand Animal Nutrition

O ensilado é máis que un simple alimento; é a pedra angular de calquera ración eficaz e é crucial para manter o benestar e a produtividade das vacas. Os efectos positivos dun ensilado de calidade sobre a produción e a inxestión son ben coñecidos e están documentados. Con todo, que ocorre cando o ensilado é de mala calidade? O **Dr. Frank Kuechenmeister**, Global Forage Technical Support Manager de Lallemand Animal Nutrition, explica: “Os efectos da alimentación con ensilado que se quentou e presenta fungos visibles e deterioración por fermentos non se explican nin se comunican

tan amplamente, pero os resultados da alimentación con este tipo de ensilado poden ser enormes. En termos sinxelos, pode ter un efecto devastador nas súas vacas e no éxito da súa granxa.”

Alimentar as vacas cun ensilado de mala calidade non só implica unha baixa produción de leite ou un crecemento máis lento, senón tamén a angustia e o estrés que leva ver como se bota a perder o duro traballo realizado. Por iso é tan importante protexer a calidade do ensilado.

O Dr. Kuechenmeister sinala que “como agricultor, vostede debe comprender o meticuloso coidado que

requiren o cultivo, a colleita e o almacenamento do ensilado. Esixe moito tempo, esforzo e recursos. Con todo, un só paso en falso —coma uns niveis de humidade incorrectos, un selado inadecuado do silo, o uso dun tipo de inoculante incorrecto, a non aplicación de inoculante ou unha xestión deficiente do alimento— pode dar lugar a un ensilado de mala calidade. Isto pode provocar o quecemento e a aparición de fungos, con consecuencias potencialmente desalentadoras”.

Os potenciais resultados negativos que poden derivarse da alimentación con ensilado de mala calidade poden incluír:



▶ ALIMENTAR AS VACAS CUN ENSILADO DE MALA CALIDADE NON SÓ IMPLICA UNHA BAIXA PRODUCCIÓN DE LEITE OU UN CRECIMENTO MÁIS LENTO, SENÓN TAMÉN A ANGUSTIA E O ESTRÉS QUE LEVA VER COMO SE BOTA A PERDER O DURO TRABALLO REALIZADO

- **Perda de consumo de alimento:** cando o ensilado se quenta e/ou amofa, as vacas non quen comelo. É posible que seleccionen a ración, deixando atrás o ensilado de mala calidade. Como resultado, o seu consumo de alimento diminúe e, con el, a súa produción. Ver como as vacas rexeitan a ración é máis que frustrante: pode ser desmoralizador. Son ingresos que se esfuman e un investimento que non dá os seus froitos.
- **Perda de nutrientes:** o quecemento e os fungos fan que o ensilado perda os seus nutrientes vitais, como proteínas, vitaminas e enerxía. Se as vacas comen unha ración con ensilado de mala calidade, reciben menos do que necesitan para desenvolverse. O tempo e o traballo dedicados ao cultivo vense reducidos, e as vacas nótano. A perda de nutrientes pode traducirse nunha menor produción de leite e un crecemento máis lento.
- **Custo dos pensos de substitución:** o ensilado de mala calidade debe substituírse por pensos máis caros. Isto sobrecarga o seu orzamento e reduce as marxes de beneficio, o que fai máis difícil manter a rendibilidade. É frustrante ver que o traballo duro non dá os seus froitos.
- **Micotoxinas:** os fungos non ó fan que o ensilado resulte pouco apetitoso, senón que poden producir micotoxinas, substancias que poden afectar á ingestión de alimento, a fertilidade, a saúde e, en última instancia, a produción. Producir un ensilado de calidade non é só cuestión de leite ou carne; é cuestión de velar polo benestar dos animais.
- **Tempo:** cando o fungo se desenvolve, consome o tempo, a enerxía e o diñeiro investidos no seu ensilado. Ten que dedicar tempo a eliminar os fungos visibles do silo, desbotar a ración que as vacas rexeitaron e buscar penso de substitución. É un proceso frustrante e lento que lle resta tempo para xestionar a granxa. ▶▶

SOLUCIONES PARA UN FORRAJE DE CALIDAD



FILM BARRERA AL OXÍGENO MÁXIMA EFICIENCIA GARANTIZADA



OXY SEAL



solplast

Tel +34 968 46 13 11

info@solplast.com / solplast.com

Avda. Francisco Jimeno Sola / Polígono Ind. Saprelorca, Buzón 9
30817 Lorca (Murcia)

BOAS PRÁCTICAS PARA PROTEXER O SEU INVESTIMENTO EN ENSILADO

Non é demasiado tarde para controlar a calidade do ensilado. Pode evitar o crecemento de fungos, o sobrequecemento e o ensilado estragado adoptando as mellores prácticas de colleita, almacenamento e manipulación do ensilado. Velaquí cinco consellos que lle axudarán a protexer tanto as súas vacas como a súa rendibilidade.

1. Cultivar coa materia seca (MS) e a lonxitude de corte (LC) adecuadas:

cortar a forraxe coa MS e a LC axeitadas é esencial para producir un ensilado de máxima calidade. O contido correcto de MS garante uns niveis óptimos de nutrientes e enerxía. A lonxitude de corte axuda á compactación do silo e maximiza o dese ensilado. Para conseguilo, cómpre analizar meticulosamente a forraxe no campo e as prácticas de colleita. O tempo e o esforzo que invista neste rigoroso enfoque veranse recompensados nos seus animais.

2. Compactar correctamente o silo:

a correcta compactación do ensilado é vital, porque elimina o aire, impide a proliferación de fungos, fermentos e outros microorganismos indesexables e axuda a conservar os nutrientes. O que se realice para compactar as trincheiras/montóns verase recompensado cunha mellor calidade do ensilado no momento da apertura.

3. Séleo ben:

tómese un momento para asegurarse de que o ensilado se almacena en condicións herméticas. Utilice cubertas de alta calidade, preferiblemente sistemas de barreira de osíxeno, e asegúrese de que as paredes dos silos están ben conservadas para manter o aire e a humidade fóra.

Malia que ao principio poida parecer moito esforzo, todo o traballo verase recompensado cando as vacas prosperen. A súa dedicación e traballo duro son a base do seu benestar e realmente merece a pena.



► SE DETECTA MOFO, ACTÚE CON RAPIDEZ: ELIMÍNEO ANTES DA ALIMENTACIÓN PARA EVITAR PROBLEMAS MAIORES. A SÚA RENDIBILIDADE DEPENDE DISO

4. Utilice un inoculante de ensilado:

considere a posibilidade de utilizar un inoculante de ensilado que se investigou de xeito independente e exhaustivo, como a gama Magniva, deseñada para facer fronte a retos específicos. Isto axudará a impulsar rapidamente o proceso de fermentación, o que reducirá o risco de que o seu ensilado se quente ou amofe ao abrillo. A súa dedicación á utilización das mellores prácticas e produtos na elaboración do seu ensilado garantirá que o seu gando reciba un alimento da máxima calidade, o que en última instancia impulsará a rendibilidade da súa granxa.

5. O quecemento e o mofo:

non espere a que sexa demasiado tarde para detectar os fungos. Comprobe regularmente se o ensilado se quenta en exceso, en especial en puntos críticos coma a parte frontal, a superficie e os laterais.

Inspeccione a miúdo, sobre todo nos bordos, por onde poden coarse o aire e a humidade. Se detecta mofo, actúe con rapidez: elimíneo antes da alimentación para evitar problemas maiores. A súa rendibilidade depende diso. ■

NOTA DOS AUTORES

Sobre a produción de ensilado de calidade, visite a nosa páxina web específica: <https://magniva.lallemandanimalnutrition.com/es/spain/>

MAGNIVA, SÍ O SÍ EN TU ENSILADO DE MAÍZ

Todos los cultivos. Todas las toneladas. Todos los años.




**Previene el
deterioro**



**Conserva los
nutrientes**



**Reduce el
calentamiento**



**Aumenta el
rendimiento
del rebaño**

**Protege tu ensilado de pérdidas, deterioro y calentamiento
con los inoculantes para forraje MAGNIVA.**

¿Por qué perder el 13% de tu ensilado de maíz, cuando puedes conservarlo utilizando el inoculante MAGNIVA? Únete a los miles de agricultores de éxito que invertirán en MAGNIVA para garantizar el máximo rendimiento y beneficios este año.

*Impacto de MAGNIVA Platinum 1 en el ensilado de maíz: reducción de los niveles de levadura, mejora de la estabilidad aeróbica y disminución del 13% de las pérdidas de materia seca. Heather M. Dann¹, Carl A. Reynolds¹, Sarah Y. Morrison¹, Catherine S. Ballard¹, Richard A. Scuderi², and Richard J. Grant¹. ¹William H. Miner Agricultural Research Institute, Chazy, NY, USA. ²Lallemand Specialties Inc., Milwaukee, WI, USA International silage conference 2025

